

CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO MAR

Andar (Narón)

LETRAS GALEGAS

2022



Florencio Delgado Gurriarán

FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega



SUMARIO

● Sumario.....	Páx. 1
● Limiar.....	Páx. 2
● Letras Galegas 2022.....	Páx. 3
● EI 3 anos. Arte: Vincent Van Gogh.....	Páxs. 4-5
● EI 4 anos. Día mundial contra o acoso escolar.....	Páxs. 6-7
● EI 5 anos. A volta ao mundo.....	Páxs. 8-9
● Fotos grupais de 1º, 2º e 3º EP.....	Páx. 10
● 1ºEP. Conto <i>O golfiño rosa</i>	Páxs. 11-12
● 2ºEP. Entrevistando a Miguel Anxo Romero.....	Páxs. 13-14
● 3ºEP. A miña historia contra o <i>bullying</i>	Páxs. 15-16
● A música no noso cole.....	Páxs. 17-18
● 4ºA e 4ºB EP. Rodamos un videoclip.....	Páxs. 20-23
● 5ºEP. Aprendizaxe baseada no xogo. Vivenciamos a reprodución ovípara.....	Páxs. 24-25
● Patios dinámicos.....	Páx. 26
● 6ºA EP. Apostamos polo coidado do noso planeta.....	Páxs. 27-28
● Dinamización Lingüística.....	Páxs. 29-30
● Lembranzas do cole (6º).....	Páxs. 31-32
● PROA. Apostando por unha alimentación saudable....	Páxs. 33-34
● 6ºB. Pasatempos.....	Páx. 35
● Aula AL. Pasatempos	Páx. 37

LIMIAR

Un ano máis queremos formar parte das vosas vidas cun número novo da nosa revista "Andar", elaborada grazas ao esforzo de toda a Comunidade. O obxectivo fundamental do Equipo de Dinamización Lingüística é que esta nova edición da revista contribúa a dinamizar a lingua galega, non só dentro da escola, senón tamén fóra dela, ao achegarnos aos vosos fogares.

Nela queremos mostrarvos algunhas das actividades que o alumnado de Educación Infantil e Primaria realizou ao longo deste curso. Pero tamén pensamos que é unha ferramenta moi útil para crear e favorecer o hábito lector, que axudará a estimular a creatividade dos nenos e nenas, enriquecendo as súas vivencias e experiencias e axudándolles a "medrar".

Non podemos esquecernos de que os verdadeiros/as protagonistas desta revista son elas e eles, as nosas rapazas e rapaces, que, con dedicación e ilusión, fixeron posible chegar ata aquí, un ano máis, este novo exemplar. Agardamos que este traballo sexa do voso agrado e queremos expresarvos tamén o noso agradecemento a todos e todas pola vosa colaboración e por lernos un ano máis!

**MOITÍSIMAS GRAZAS A TODOS E TODAS POR
RECIBIRNOS, AXUDARNOS E APOIARNOS!**

O Equipo de Dinamización Lingüística do CEIP Plurilingüe
Virxe do Mar

LETRAS GALEGAS 2022: FLORENCIO MANUEL DELGADO GURRIARÁN



Florencio Manuel Delgado Gurriarán naceu na aldea de Córgomo, no concello ourensán de Vilamartín de Valdeorras, o 27 de agosto de 1903. Era fillo de Florencio e Consuelo, e o menor dos cinco irmáns.

Estudou a primaria e o bacharelato en Palencia e Valladolid, cidades ás que foi destinado seu pai, que era profesor da Escola de Peritos Agrícolas.

Ao licenciarse en Dereito na Universidade de Valladolid traballou como pasante nun bufete do Barco de Valdeorras, comarca á que lle dedicou no ano 1934 o seu primeiro libro, **Bebedeiras**.

Ao remate da Guerra Civil exiliouse en México, e alí casou con Celia, filla de emigrantes galegos e coa que tivo cinco fillos. No ano 1934 editouse o seu libro de poemas **Bebedeira**, ao que lle seguiron **Galicia infinda**, **Cantarenas** e **O soño do Guieiro**.

En México colaborou na revista **Vieiros** e no programa radiofónico **A Hora de Galicia**, que estivo en antena todos os domingos durante case vinte anos. Faleceu en Fair Oaks, California, o 14 de maio de 1987 cando visitaba a un dos seus cinco fillos. Foi membro da Real Academia Galega e esta dedícalle **o Día das Letras de 2022** pola súa contribución á defensa do noso idioma e da nosa cultura. **país no que desenvolveu unha intensa actividade cultural en defensa do idioma galego.**

Feliz Día das Letras Galegas!



ARTE: VINCENT VAN GOGH



Na aula de 3 anos aprendimos moitas cousas do pintor Van Gogh neste segundo trimestre.

Iniciamos este proxecto coñecendo un pouco esta profesión e os utensilios que se precisan para a mesma.



Continuamos coa biografía e obras deste artista e visionando obras doutras artistas e así observar as diferencias nas cores, estilos de pintura...



A continuación intentamos reproducir unha obra deste artista, "Los girasoles", pintando con t mpera e pincel no caballete e facer a nosa propia exposici n na nosa aula.





Finalmente, aproveitando que estamos en primavera e   tempo de plantar, s mos ao patioa a sementar xirasois.   Esperamos que en vindeiras semanas poidamos ver medrar alg n no noso patio!.




DÍA MUNDIAL CONTRA O ACOSO ESCOLAR

OS NENOS E NENAS DA AULA DE 4 ANOS TRABALLAMOS O DÍA MUNDIAL CONTRA O ACOSO ESCOLAR A TRAVÉS DO CONTO "ORELLAS DE BOLBORETA"





ISABELLA



ASIER

"ORELLAS DE BOLBORETA" EDUCACIÓN INFANTIL 4 ANOS.

A VOLTA AO MUNDO

As nenas e nenos da clase de 5 anos dedicamos o segundo trimestre a dar a volta ao mundo da man de Willy Fog. Un día chegamos á clase e tiñamos unha maleta misteriosa con varias cousiñas: Unha foto de Willy Fog, o libro A volta ao mundo en 80 días de Julio Verne e pasaportes para todos. Pedimos colaboración a todas as nosas familias e tivemos moito material co que poder desenvolver o noso proxecto.



LONDRES

O noso punto de partida foi Londres , alí puidemos descubrir o xeito de vivir dos habitantes de Reino Unido. Ademais de coñecer e estudar os monumentos máis importantes , chamounos moito a atención a súa costume típica de tomar o té ás 5 da tarde. Probamos o Té (desteñado) con pastas. O Té non nos gustou nada pero as pastas estaban boísimas. Decubrimos que o té das 5 da tarde é moi ceremonial e nós tamén o quixemos facer así.



PARIS

A cidade da luz gustounos moito, sobre todo porque puidemos ver lugares moi interesantes grazas a Lady Bug , personaxe de debuxos que todos e todas coñecemos. A altura da torre Eiffel, a cantidade de obras de arte que podemos atopar no Museo do Louvre, a basílica do Sagrado Corazón,...Foron moitos os lugares de interese que visitamos virtualmente e seguro que será un dos destinos que nos gustaría visitar nalgún momento das nosas vidas. Disfrutamos coa ponencia de Mario sobre a súa viaxe a París. Como non podía ser doutra maneira, probamos os croissants e os macarons. Non quedou nada.



INDIA

Foi toda unha sorpresa descubrir a India. As nosas investigación leváronnos a averiguar cousas como que as vacas son animais sagrados e campan as súas anchas polas rúas e as casas de India, que os elefantes tamén son animais que aprecian moito porque consideran que traen boa sorte, ... Quedamos impresionados coa historia de amor que hai detrás da construción do Taj Mahal. Aprendimos pasos de Bollywood, que é un baile propio de India. Pero o que máis nos gustou foi poder escoitar a Sajal, a auxiliar de lingua inglesa que temos este curso e que é de India. Contounos un montón de cousas típicas do seu país e grazas a ela probamos 2 postres típicos.



XAPÓN

O último país que nos deu tempo a visitar foi Xapón, toda unha sorpresa para nós. Descubrimos que gran parte de debuxos que coñecemos son orixenarios de Xapón como pode ser Doraemon, Pokemon, Hello Kitty, ... Tamén aprendimos que é a cuna das artes marciais e piudemos disfrutar dunha pequena exhibición de karate que nos deu Alba, os seus traxes, as súas costumes, as súas paisaxes, ... un país para fascinarsse. Quixemos probar o xeito de comer con palillos e resultou moi complicado pero pasamos un rato moi divertido. Tamén descubrimos como se escribirían os nosos nomes en xaponés gracias a Sofia e puidemos probar un sombreiro típico oriental grazas a Vega.



Foi un proxecto moi interesante e sobre todo moi divertido. Agardamos que este achegamento á cultura e costumes doutros países axude a facelos cidadáns do mundo máis empáticos e tolerantes.

ISTO DE VIAXAR É AGOTADOR





Os nenos e nenas de 1º de Educación Primaria escribiron un conto, aproveitando a visita do autor de “Pompas de xabón” e “Voces do tempo”, Miguel Anxo Romero López



Miguel Anxo trouxo de regalo unha ilustración, que despois pintamos con témperas e con moito coidadiño!



E finalmente, escribimos un conto inspirándonos na ilustración que nos regalou Miguel Anxo que podeades ler a continuación. Encántanos escribir historias!



O GOLFIÑO ROSA

Unha nena chamada Zoe foi un día á praia a bañarse, a tomar o sol e a recoller cunchas. De súpeto, viu un golfiño na area e sorprendeuse: era de cor rosa!


Zoe foi correndo a xunto del a preguntarlle que lle pasaba e viu que o golfiño estaba chorando na beira do mar. Preguntoulle o seu nome e por que choraba. O golfiño contoulle que chamábase Pinkie e que os seus amigos e familia mariña burlábanse del por ser diferente aos demais.

Zoe decidiu axudarlle e volver co golfiño ó mar para falar cos seus amigos e que lle tratasen ben porque “cada un é diferente e especial”. Os golfiños deron a razón a Zoe e coas súas aletas xuraron non volver a facelo.

Zoe volveu moi contenta á terra. Tódolos veráns os golfiños veñen visitala á praia e vai con eles a dar un paseo e a visitar a súa casa no mar. E colorín colorado, este conto está rematado!



2º ENTREVISTA A: Miguel Anxo Romero



1. ¿Canto tempo che levou escribir a poesía das abellas?
-Cando escribes pasa un tempo e logo volves a refacelo. Pero non hai un tempo determinado... En principio pouco.

2. Como fas os debuxos?
-Os debuxos... Pois trouxen algún para ensinárvolos. Están pintados con óleo porque quedan máis vistosos.

3. Como se fai un libro?
Pois primeiro escribes as poesías e despois fas os debuxos. Ás veces, fago unha pintura, se me gusta escribo despois a poesía.

4. Gustouche facer o libro?
Si, fágoo porque me gusta. Non me adico a isto profesionalmente.

5. E como pensas que quedaron as poesías?
Unhas mellor e outras peor. Algunhas gústanme moito e outras menos. Como cando facedes vós os traballos na clase.

6. Cantas poesías escribiches?
Para un libro 12 ou 14, depende do tamaño do libro.

7. E vas a facer máis poesías?
Si...Penso que sí.

8. De que temas van a ser as próximas?
O próximo libro non vai a ser de poesía, vai a ser de microrrelatos, que son historias curtas e con actividades para facer...




OBRADOIRO DE POESÍA

Miguel Anxo propúxonos unha actividade ben entretida. Cada quen foi elaborando o seu libriño de poesía, para iso tiñamos que ler cada poema e buscar a ilustración que lle correspondía.



Tamén houbo tempo para os agasallos. Miguel Anxo escribiunos unha poesía moi feitiña sobre o noso cole que nos deixou abraiad@s, deunos un cadro dunha ilustración súa para que a pintásemos e asinou o seu libro cunha fermosa dedicatoria. Nós fixemos o propio recitando con esmero un dos seus poemas. Non esqueceremos este día cheo de maxia e poesía, Moitas grazas a Miguel Anxo, Noel e á súa familia.



A miña historia contra o bullying:

Ola chamorre Lucas e esta é a miña clase.


Somos alumnos de 3º de primaria e todo leixámonos moi ben sorros boz compañeiros e axudámonos sempre uns aos outros, teño a sorte de ter unha clase moi divertida, pero non sempre foi así,...

Hai tempo na miña clase dous compañeiros que non se portaban nada ben, Santiago o bullying e Ramona a matona. Santiago creíase moi chabito, era moi fedello e sempre insultaba a todos os nenos e Ramona era a nena máis fedella, sempre gastaba bromas e insultaba a os seus compañeiros, ademais decía moitas mentiras.

Un día estando todos en clase chegou Santiago o bullying todos os nenos tentaron escapar del porque lle tiñan moito medo. Santiago buscou ao neno que el quería que era o máis intelixente de clase, Manuel dende que o atopou, sempre lle pedía os deberes, como Manuel tiñalle medo daballos para comer e que así non lle pegase. Un día Santiago concéuselle a idea de tirarlle papeis a Manuel porque lle parecía moi divertido. Entón pedíullas a todos que lle tirasen papeis, así Lucía, Luis, María, e Ana empezaronlle a tirar papeis. Pero... María deuse conta de que Manuel non estaba ben que iso lle facíadano e catába triste. A Manuel xa non lle gustaba ver ao colexio porque lle tiña medo a os seus compañeiros. Tamén Ana deuse conta de que o seu compañeiro estaba triste e sempre so así que dicíndol preguntáulle porque estaba así. Cando Manuel contou, Ana ideou un plan para parar a Santiago e que así non lle fixese máis iso a ningún máis. Colleulle aquilo que máis quería da súa mochila un peluche, Correndo ensinóulle a todos os compañeiros de clase e... Cando chegou Santiago todos empezaronlle a rir del porque tiña un xoque de bebe. Santiago sentíase tan mal que se deu conta de que se estaba portándose moi mal con Manuel dende ese día tentou non volver a rirse de ningún compañeiro máis. Pero non todo rematou así, Ramona a matona quitábonos os xoguetes e insultábonos se facíamos algo que ela non lle gustaba. Cando viu o que lle pasou a Santiago, non lle importou e seguiu facendo das súas por iso entre todos decidimos que non queríamos conoñer a ningún que nos fixese dano por iso no recreo Ramona non tiña con quen xogar na clase non a queríamos nos nosos grupos e ao final ela quedouse soa pero... Maña un día veíng chorando no baño e preguntóulle que lle pasaba. Ramona explicóulle que se sentía moi soa e que ningún a quería así que entre todos explicámonlle que non nos gustaba como nos trataba e a os poucos todos fomos sendo amigos.

E así foi como a miña clase converteuse nunha clase xenial!!!!

OS ALUMNOS DE 3º



"A Música no noso cole"

Neste curso 2021/2022, seguimos adaptándonos ás circunstancias sanitarias nas que tivo que desenrolarse a clase de Música. Pero seguimos, coma sempre, empregando a música como recurso emocional, indispensable nestes tempos que nos toca vivir.

A nivel aula de música, ao longo do curso, puidemos traballar coa fruta, cos instrumentos de pequena percusión ou cos instrumentos de láminas, acompañando cancións ou audicións con diferentes musicogramas ou dramatizacións, tamén a percusión corporal con acompañamentos de movemento co noso corpo.



4º Infantil



5º Infantil



2º EP



3º EP



4ºA



4ºB



5º EP



6º A



6º B

A nivel centro, ao longo do curso desenvolvemos diferentes actividades musicais como foi, o día da Paz coa "Polca da Paz" de Paco Pakolas, o Entroido coa versión do cole da canción "A Carolina", ou o día da Igualdade coa canción de Tanxugueiras "Terra" adaptada coa linguaxe de signos.



6º Infantil



1º EP

Todo o alumnado foi quen de adaptarse, e foi quen de gozar coa música, a pesares das circunstancias sanitarias.

Desde a clase de Música, agradecemos aos nosos nenos e nenas a súa boa disposición para o desenvolvemento deste curso, tan especial coma o anterior.

GRAZAS!






RODAMOS UN VIDEOCLIP

En Cuarto de Primaria, e como produto final dos contidos traballados no PDI "SOS Terra", decidimos rodar un videoclip cunha mensaxe moi clara: HAI QUE REDUCIR O CONSUMO PARA SALVAR A TERRA.

Despois de escoller a música e poñerlle letra, fixemos un casting de cantantes. A EXPECTACIÓN ERA MÁXIMA!



Unha vez escollidos as/os cantantes gravamos a canción que levou por título "DEIXA DE GASTAR".




Teño que
concentrarme
na música!



Por último, rodamos as imaxes. Un día moi intenso e divertido no que bailamos, cantamos, rimos e compartimos.







Aquí vos deixamos a letra da canción por se queredes aprendela.

DEIXA DE GASTAR

Deixa de gastar
de gastar

Vouche explicar o que aínda non entendes
é cousa de todos o coidar do medio ambiente
no vídeo da lata o explicamos cortesmente
pero nada... NON ENTENDES!

Hai que parar o tren
de vida que consume a Terra
Hai que frear e ben!
Ou quedaremos sen planeta
Hai que aplicar tamén
medidas contra este problema
Hai que frear e ben,
que frear e ben!

A Terra xa non soporta
tanta presión, **EH**, da nosa acción, **EH**.
Está enferma e a súa doenza
ten curación **EH**!
A solución **EH**!
Está en parar
tanto consumo e descontrol.

Deixa de gastar
hai que aforrar
OP-OP-OP-OP
Empeza a reciclar
e reutilizar
OP-OP-OP-OP
Deixa de gastar!

EHHH INCONSCIENTE!

OP-OP-OP-OP

Deixa de gastar

EHHH INCONSCIENTE!

OP-OP-OP-OP

EH-EH-EH-EH-EH-EH

RETROUSO 3

Non fagas caso dos que din que é un invento
o cambio do clima debido ao quecemento.
Urxe facer algo e agora é o momento
Espabila... NON TE MENTO!

RETROUSO 1

RETROUSO 1 RETROUSO 2

RETROUSO 3

Di que non á sobreexplotación
o esgotamento de recursos, contaminación.
Di que non á deforestación
o quecemento do planeta, desertización.
Deixa de gastar

RETROUSO 3

APRENDIZAXE BASEADA NO XOGO

A Aprendizaxe Baseada en Xogos (ABX ou GBL, en inglés) e a Gamificación (ou Ludificación) son dúas mostras moi reais para comprobar que a maneira de actuar no alumnado é efectiva, e ademais, recoñecidas polas institucións educativas.

Como aplico estas metodoloxías na aula de 5º? Para min, son metodoloxías moi axeitadas para estas idades pois fomentan nos meus alumnos: a participación, motivación, empoderamento ... e cumpre perfectamente coas leis educativas (LOMCE, LOMLOE) nas súas orientacións metodolóxicas: "... os alumnos deben poñer en práctica un amplo repertorio de procesos como: identificar, analizar, recoñecer, asociar, reflexionar, razoar, deducir, inducir, decidir, explicar, crear... evitando que as situacións de aprendizaxe se centren, tan só, no desenrolo dalgún deles.

Polo tanto, que mellor maneira de seguir estas indicacións que xogando? Aquí temos unha mostra da posta en práctica destas metodoloxías no estudo dun ollo. Primeiro falamos das partes do ollo que recortamos en folios de cores. Logo pegamos unha capa sobre outra ata chegar ao humor vítreo que representamos cunha bolsa plástica cos nervios- lás vermella e azul- o corpo ciliar, o cristalino e para rematar coa córnea. Finalmente representamos o ollo nas súas partes externas (pálpebra e pestanas) rematando así o traballo.

Pilar Saavedra Otero, titora de 5º.



VIVENCIAMOS A REPRODUCCIÓN OVÍPARA

Un ano máis contamos coa colaboración da Asociación de criadores de raza autóctona galega "GALIÑA DE MOS (AVIMÓS). A nosa experiencia quedou plasmada no nº 14 da revista "Autóctonas Galegas."

Primeiro unha pequena explicación das características da raza.



Na casa fixemos con mamá e papá experimentos cos ovos.




Aquí amosamos ao veterinario o traballo que fixemos durante a incubación.



Estabamos todos felices de poder tocalos por fin!



Así rematamos esta maravillosa experiencia





PATIOS

DINÁMICOS



En 6ºA apostamos polo coidado do noso planeta

En 6ºA levamos todo o curso inmersos/as no PDI “SOS á Terra”, elixido a nivel de centro, no presente curso; reflexionando, tomando conciencia e realizando diversas actividades: lectura de libros, comentarios, traballos, confección de disfraces de Entroido, deseño do panel de Intercentros; calameo “Se queres ao teu planeta axudar, practica economía circular”, para participar no XII concurso UHU *Coidado do medio ambiente...*

Aquí vos deixamos algúns consellos elaborados por cada un/unha de nós, para que teñades en conta no voso día a día:

Recolle o lixo que atopas no chan.

Axúdalle á Terra a se salvar. (Nerea)

Dona as cousas que non utilices.

Bótalle unha man ao planeta e a quen o precise. (Nerea)

Consume só a auga necesaria.

É un gran tesouro para derramala. (Xela)

A luz debes sempre apagar.

Non malgastar enerxía.

E así, ao teu planeta axudar. (Daniela)

Non tires nunca lixo no mar.

Da súa saúde debes coidar. (Joel)

Se aire puro queres respirar

Aparca o coche e ponte a camiñar. (Izan)

Consume alimentos de temporada.

Evita sempre comida tirada. (Melani)



*Disfruta das fragas,
sen lixo nin churrascadas. (Vera)*



*Planta árbores para purificar
o aire que has de respirar. (Skarly)*



*Cando á tenda vaías comprar,
envases de plástico debes evitar. (Leire)*

*Non abuses do aire acondicionado ou da calefacción.
Nin moito frío, nin moita calor. (Daniela)*

*Aposta polas enerxías renovables.
Son máis limpas e menos contaminantes. (Duarte)*

*Usa o transporte público en vez do privado.
Economiza e aforra cartos. (Héctor)*

*Reutiliza e sen creativa.
Dalle aos materiais unha nova vida. (Sofía)*

*Leva sempre a túa bolsa de tea.
As compras que fagas, mételas nela. (Nuria)*

*Enche a lavadora antes de poñela.
Escolle ciclos curtos antes de acendela. (Ángel)*



DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA




Tempo de outono: O Samain, O Magosto...

Novembro: Mes da Ciencia



23-Febreiro: Día de Rosalía

O Entroido



21 Marzo: Día da árbore e da poesía



Na biblioteca, coa animadora...



22-abril: Certame Intercentros de Narón



E quédanos moito máis...

Lembranzas do cole



Gustoume moito estudar no Virxe do Mar, compartir momentos conmovedores con excelentes compañeiros/as e profesores/as. (Nerea, 6ºA)

O que máis destacaría é que o profesorado soubo inculcarnos valores positivos para ser mellores persoas e as divertidas excursións que realizamos. (Héctor)



A relación cos compañeiros/as e cos profesores/as foi marabillosa. Aprendín moito, realizando actividades grupais moi motivadoras. (Nuria)

Sempre me tocaron bos profesores e compañeiros moi amigables; foi unha experiencia magnífica o meu paso polo cole. (Duarte)



Fixen moi bos amigos/as. Encantáronme os profesores que me tocaron, porque aprendín moito deles. Pasei momentos moi divertidos, que recordarei sempre. (Xela)

Foron seis anos inolvidables. Coñecín persoas marabillosas. Agradezo ao profesorado que sempre me tratou moi ben e aprendín moito deles. (Melani)



Os mellores recordos son os momentos de xogo cos compañeiros. (Daniela)

O mellor foi o ensino recibido por parte do amable profesorado que me tocou e o que disfrutei xogando cos compañeiros/as. (Vera)



Facer moitas actividades motivadoras e coñecer moitos amigos/as. (Skarly)

Os bos amigos/as que fixen. O primeiro foi Joel, que aínda conservo. (Ángel)

A amabilidade e bondade do profesorado e dos compañeiros/as, así como as aulas espaciais e claras. (Sofía)

Ter a Lucía de profesora, polos bos consellos que me da e facer amigos/as. (Leire)



A primeira carreira que gañei, en 2º; as excursións e os amigos que fixen. (Joel)

Aprendín moito e fixen moitos amigos nesta etapa. (Izan)



Foi un verdadeiro pracer dar clase a este marabillosa grupo de bos rapaces e rapazas. Non sei se eu lles ensinaría tanto como aprendín deles/as; pero vivín unha experiencia fantástica que recordarei sempre, con moito cariño. Moita sorte nas vosas vidas e seguides sendo "boas persoas" e ánimo para conseguir as vosas metas e os vosos soños. Unha aperta grande. (Lucía, a titora)

O que me levo do Virxe do Mar

Facer moitos amigos/as, ir de excursión, aprender cousas novas e o ben que me caen os profesores/as. Sara Casal Castro

Gustáronme moito os mestres e mestras que coñecemos no paso polo centro. As excursións que fixemos (sobre todo as de fin de curso, mais tamén as outras, eh!) Todos os cursos, mais sobre todo este, dándolle as grazas ao noso titor, Mr Ivan (Iván). E tamén me gustaron as materias (Unhas máis ca outras) Alonso Costoya Julias

Na miña vida non conseguin logros salientables, pero este ano conseguin un. Hai un personaxe dun xogo chamado Bambi, pois ben, conseguin facelo popular na clase. A algúns non lles gusta, mais dame igual porque son feliz :). Ania Garcia Cerdido

Os amigos e amigas que fixen. As cousas novas que aprendin. As novas experiencias. Moitas risas :) Lola Garcia Pato

Os amigos e amigas que atopei. Unha cultura, unha lingua... Un mundo novo. Melai Garcia Sánchez

Do meu paso polo cole lévome todos os meus amigos. Tamén recordarei o ben que nos tratan os profes. Todas as actividades que fixemos aquí.

As mates co método ABN. As excursións que fixemos. E moita ledicia por estar neste cole. Sabela Gómez Garcia

O bo que me levo do virxe mar:) Todos os amigos que fixen. Aprender cousas novas. As grandes risas. Que os profesores son bos. Noa González Méndez

O que me levo do cole son as excursións á Coruña, o comedor as monitoras, os xogos... o skerru, os compañeiros... a clase de informática os profesores. Iván Jiménez Salazar

O que mais me gustou do cole foi: -Os amigos que fixen -O profesorado -As excursións -As actividades que fixemos. Aitor López Valiño

O que me levo do Virxe do Mar é todo, pero se teño que salientar algo, iso é: un excelente profesorado, que me deron sempre moito cariño, fixen moitos amigos que espero que me acompañen na miña vida, clases divertidas, un bo material e o paso por este colexio, que foi magnífico, nunca o esqueceréi. Martin Mauríz Barro

O que lle quito a este colexio, ademais das grandes amizades, foi aprender a pedir perdón e perdoar, a superación (académicamente), e as lembranzas máis divertidas das excursións e actividades con profesores e alumnos dos que están e dos que xa non están. Eulalia Obono Obama Ntutumu

Amigos e amigas, os recreos, o profesorado, a educación física, as excursións, a informática... Iker Pardo Marcote

Fixen moitos amigos e o que máis me gustou foron todas as actividades que fixemos xunt@s. Franklin A. Pavón Martínez

O acollemento, amigas e amigos, a diversión, a música... a atención do profesorado, moitos debuxos...

Anna L. Quintero Romero

Como nos recibiu o cole, compañeir@s, amig@s, aprender moito, Sociais, Matemáticas, Naturais... @s profes...

Mercedes L. Quintero Romero

Tódolos meus amigos, os profesores que tanto me ensinaron, todas as excursións que tivemos e todos os bos momentos xunto aos meus compañeiros. Adrián Rodríguez Arribe.


Foi un curso moi especial, único. A miña primeira titoría completa (sen ser mestre de inglés) supuso o descubrimento do increíble lazo que se crea, reconectar coa fantástica mente dos cativos e cativas a esta idade. Só espero que conserveades unha lembranza a metade de fermosa da pegada que deixades en min.

Unha forte aperta e aseguir sendo os mellorers. Iván Carrera H. (Mr Ivan)

APOSTANDO POR UNHA ALIMENTACIÓN SAUDABLE



Durante o 2º trimestre os alumnos e alumnas de 6º de primaria traballamos a importancia de coñecer e adquirir hábitos de alimentación saudables.



Elaboramos unha roda de alimentos, mediante esta representación gráfica aprendemos:

- As propiedades dos alimentos.
- As cantidades que se deben de consumir.
- E a súa utilidade para a elaboración de menús saudables.

Tamén deseñamos un modelo de menú semanal saudable para toda a familia.

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
ALMORZO	Iogur. Peza de froita. Torrada con xamón e queixo fresco.	Leite con cereais. Peza de froita.	Peza de froita. Leite con cacao. Torrada.	Peza de froita. Iogur con cereais.	Peza de froita. Leite. Torrada con aceite de oliva, tomate e xamón.	Peza de froita. Iogur. Torrada con xamón e queixo fresco.	Peza de froita. Leite con cereais.
PARVA	Peza de froita.	Froitos secos.	Iogur.	Pulga de xamón.	Peza de froita.	Zume natural.	Iogur.
XANTAR	Coliflor con allada. Lacón asado con patacas cocidas. Peza de froita.	Caldo de repolo. Empanada de bonito. Iogur natural.	Puré de verduras. Filete de polo á plancha. Flan caseiro.	Lentellas guisadas. Croquetas. Iogur con froita natural.	Minestra de verduras. Albóndegas guisadas. Peza de froita.	Puré de garavanzos. Peituga de pavo con champiñóns. Peza de froita.	Macarróns con tomate. Luras á plancha con ensalada. Peza de froita.
MERENDA	Queixo fresco con doce de marmelo.	Bocata de queixo. Peza de froita.	Compota de mazá.	Tosta con crema de cacahuete e plátano.	Macedonia de froitas con 3 galletas.	Batido de leite con amorodos. 2 filloas.	Bocata de xamón. Peza de froita.
CEA	Tortilla francesa. Ensalada de leituga con tomate.	Ovos recheos de atún e espárragos.	Pescada á prancha con ensalada.	Chícharos con patacas e xamón cocido.	Tosta de ventrecha, tomate e leituga.	Ensalada de leituga, tomate, queixo, nozes e tacos de peituga de pavo.	Fabas con xamón.

E non nos esquecemos do exercicio físico, que é esencial para levar unha vida sá. Nós aproveitamos os recreos para poñelo en práctica!



RETOS PARA NENOS E NENAS "GRANDES" by Lola & Sara

- Gañar 2 Veces Ao Pedra Papel Tesoira - Facer 5 botes coa pelota - Saltar 5 Veces A Comba
- Correr 2 Voltas Ao Redor Do Patío - Pillar A 3 Persoas Na pita (Pilla-Pilla) - Encestar 3 veces na canasta
- Facer o parvo durante 1 minuto - Atopar a 2 persoas nas agochadas (escondite) - Ler un conto á semana

Pasatempos: Encrucillada e sopa de letras

Sabela e Alonso traballaron coa sopa de letras...

T	O	B	R	O	R	E	R	A	M	O	I
U	C	O	V	A	D	O	N	G	A	G	R
H	O	R	K	P	I	G	C	R	M	D	I
N	T	J	Y	K	M	L	O	I	A	L	A
B	M	A	R	T	A	T	G	D	O	F	D
V	R	W	S	L	E	T	O	R	I	O	N
F	S	S	X	L	V	P	I	Y	R	A	M
C	R	I	S	T	I	N	A	J	E	R	P
R	I	R	A	S	Y	I	V	A	N	M	A
R	T	S	U	S	A	N	A	V	I	A	U
F	A	E	C	Y	L	U	C	I	A	N	L
J	R	S	I	B	I	B	E	E	Y	D	A
H	A	A	H	C	N	O	C	R	U	O	B
J	O	R	G	E	U	A	G	R	A	M	C
S	U	H	C	O	P	I	L	A	R	R	V


COVADONGA - MARY - IRIA - MARTA - RITA - MAR - CRISTINA - JAVIER - SUSANA - LOLI

LUCIA - IVAN - BORJA - PAULA - JORGE - PILAR - BIBI - CHUS - ROCIO - CONCHA - ARMANDO

OS VERSOS da Eulalia

A Bolboreta vai festexar
que leda cos amigos e amigas sae xogar
mais agradece a esta escola
o apoio brindado, que é o que máis mola!

A TIRA DE ANIA (metaverso artistico)




ENCrucILLADA Adrián

1-Directora
2-Proje 4ºB
3-Proje 4ºA
4-Proje 5 anos
5-Proje Ingles
6-Proje 5º
7-Proje 3 anos
8-Proje relixión
9-Proje 6ºB
10-Proje Ingles (pequenos)
11-Proje E.D
12-Orientador
13-Proje 4 anos
14-Consenze
15-Proje 6ºA

Sopa boba: A quen coñeces nos sextos?

L	M	H	R	E	A	E	T	S	N	S	L	A	A	E	S	N	I	L
B	A	A	A	S	A	A	L	E	B	A	S	C	E	O	K	E	O	A
A	I	T	O	R	U	N	A	V	I	U	D	S	F	I	O	R	S	R
N	E	T	N	A	P	T	A	J	L	I	I	I	N	R	O	E	N	E
T	D	O	E	A	R	A	N	D	B	A	A	T	A	D	J	A	O	R
A	A	M	U	N	F	O	G	Ñ	R	R	A	R	A	O	E	Y	L	S
O	N	E	R	N	C	E	A	A	O	I	E	S	E	R	F	L	A	R
N	I	R	N	A	X	S	E	T	A	V	A	L	O	O	O	R	J	Q
E	E	C	A	Y	N	E	C	T	S	A	I	N	N	D	C	A	S	R
U	L	E	L	A	N	E	L	L	R	N	N	A	P	R	A	K	A	S
E	A	D	R	I	H	A	O	A	A	A	E	G	D	E	T	S	R	A
L	A	E	S	R	S	L	A	Z	O	L	U	E	E	A	R	E	A	E
R	E	S	S	U	A	R	I	A	U	A	A	D	A	L	A	I	O	U
S	I	E	M	N	E	S	N	A	A	O	I	I	B	A	A	E	E	A
I	R	E	T	A	O	E	T	R	K	R	T	N	R	L	A	E	A	L
A	A	I	L	R	I	K	E	R	Y	A	I	L	A	L	U	E	A	E
R	E	A	R	I	L	A	T	O	S	I	M	E	L	A	N	I	N	A
C	R	V	T	A	S	R	R	A	K	O	A	R	D	D	O	I	A	I
C	F	R	A	N	K	L	I	N	A	O	N	A	M	E	L	A	I	E

DESCUBRE NOMES DE MESTRES DO COLE: PASATEMPOS SOPA DE LETRAS



- Coas letras que sobren, escribe o mensaxe adochada !!!

As adiviñas do Martín:
Quen e quen no Virxe do Mar?
A ver o que sabes...



by Alonso

1. Mestra moi divertida co cabelo vermello.
2. Mestra seria e moi traballadora.
3. Que boa é coa informática!
4. A xefa.
5. Tocadora de orquesta profesional.
6. Que alegre é esta persoa!
7. Pregúntalle palabras na lingua hindú-
8. Ponte en forma!
9. Soluciona os teus problemas!
10. Loira e moi baixiña...

PODES ENCONTRAR O MATERIAL?

C	R	E	G	R	A	W	X	E	N	V	M	D
O	M	S	A	G	R	L	L	S	D	S	S	N
M	W	J	V	O	S	A	I	T	J	N	N	T
P	R	S	A	M	D	P	B	O	V	H	A	M
A	T	O	S	A	T	I	R	X	M	T	D	J
S	B	P	E	F	N	S	O	O	X	H	T	V

Lapis Regra Libro
Goma Estoxo Compás

SOPA DE LETRAS: FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN

M	L	P	I	R	F	A	D	E	J	N	U	I	D	E	R	E	I	T	O
S	A	T	R	P	E	G	F	J	T	F	P	L	Ñ	O	M	K	D	Y	U
W	Q	U	A	H	A	V	X	R	E	I	Z	O	S	A	U	D	A	D	E
R	G	I	C	U	L	N	I	A	R	T	E	B	E	N	O	L	S	Q	N
U	F	A	A	L	N	C	E	P	O	R	M	E	P	Z	V	U	B	A	E
D	E	A	L	E	N	A	S	M	E	L	A	B	I	N	O	P	U	E	R
B	C	E	I	Z	I	J	A	N	A	V	T	E	R	S	N	Ñ	Q	U	E
E	N	A	F	L	O	R	E	N	C	I	O	D	E	L	G	A	D	O	S
F	P	R	O	F	E	C	O	S	M	A	D	E	N	E	L	O	P	A	O
S	E	R	R	A	M	I	S	V	E	O	Z	I	L	P	O	T	A	R	C
N	S	E	N	N	I	T	M	L	O	E	S	R	M	E	X	I	C	O	D
Q	U	I	I	N	E	R	T	C	L	U	E	A	N	A	X	P	U	C	I
M	U	S	A	C	R	F	E	I	B	T	N	S	R	L	E	Ñ	A	P	C
Z	A	N	C	E	R	O	L	A	D	O	L	N	E	R	A	N	C	I	A
M	U	E	C	O	L	N	T	E	N	E	N	T	E	R	Ñ	D	E	T	A
T	F	R	S	D	R	A	X	Z	P	M	L	K	U	Y	T	I	D	E	O
N	E	T	S	A	U	G	O	R	A	S	P	R	T	F	A	S	Z	B	Y
P	U	I	S	T	E	M	O	L	U	S	A	R	C	L	E	Y	U	K	L
Ñ	R	E	S	A	G	H	I	M	L	U	H	D	C	G	L	O	Y	R	A
C	E	N	U	S	E	R	Y	H	O	N	A	F	U	S	M	R	T	I	E

1. Autor ao que se lle adican as letras galegas desde ano: **FLORENCIO DELGADO**
2. Aldea onde naceu o autor: **COR GOMO**.
3. A súa primeira obra: **"BEBE DE TRAS"**.
4. Lugar onde se exiliou: **MEXICO**.
5. Licenciouse en: **DEREITO**.
6. Grao co que ingresa no exercito republicano: **TENENTE**.
7. Nome do buque no que parte a México: **IPAUENA**.
8. Nome da revista mercana na que participou: **SAUDADE**.
9. Lugar onde faleceu: **CALIFORNIA**.



6º, as profes Lucía e Loli e os profes Borja e Iván



SOS A TERRA!

Este é o slogan utilizado no Entroido 2022. Cada aula, inspirándose no slogan, realizaron estes bonitos disfraces:

3 ANOS *Colector de orgánico.*

4 ANOS *Colector de plástico.*

5 ANOS *Colector de papel.*

1º *Colector de pilas*

2º *Colector de vidro.*

3º *Contaminación da terra.*

4º *Contaminación da auga.*

5º *Contaminación do aire (do volcán, coches, queimas e das calefaccións).*

6º *Energías renovables.*

